

Certamente son un ser privilexiado por ter os amigos tan xenerosos que hoxe me acompañades. Quixera que este acto de presentación d'*A escrita do silencio* fose un acto de gratitude a todo e todas as que sentiron a poesía que pode habitar estes versos que fun escribendo coa mesma materia coa que fun escribendo a vida.

Estes poemas están escritos coa mesma materia coa que fun escribendo a vida, coa materia da ledicia e da dor, a materia coa que todos os seres humanos construímos os soños, única forma de poder enganar o paso inexorable do tempo, coa calidez da caricia dos seres que amamos e dos que somos ou fomos amados.

Nestes días cumplo; vinte anos son unha mocidade na que andei o meu camiño dentro dese outro camiño que é ser fillo dun tempo, dunha cultura, dun idioma fermoso, e buscar nos seus silencios a palabra aínda non nascida, a aínda por nomear, a que leva centos e centos de anos a se facer como se fai o sabreño máis humilde no lento proceso da auga manseniña do regato a labrar a laxe dura; e outras veces é necesario devolver outras ao silencio para renaceren na súa pureza porque lles foi roubado o seu ser máis verdadeiro. En traballos de labrego carpinteiro e mariñeiro do idioma ando, e froito destes traballos son estes poemas e de algún mencer de mañanciña recen nascida e núa que perdeu polo camiño algunha raiola de luz, e algunha cerdeira que deixou algunha pétala esquencida nos meus versos.

Para os ler quixérvos traer aquí a esta sala a presenza de todos os que teñen sido meus mestres na vida e na obra: Froitoso, Carlos Varela, Antón Avilés, Don Ricardo Carballo Calero, Fiz Vergara, cos que soño todos os días un futuro fértil e feliz para esta terra.

Léovos estes poemas acollido ao manto protector dos que levaron, das que levades, na fronte unha estrela.